

EXERCICIOS LAICOS ■ O pai que denunciou os crucifixos na escola inaugura o ciclo de cine e historia

"Non pedimos algo tan raro, os xuíces danno a razón"

A familia de Fernando Pastor case recuperou a normalidade. "Tivemos a sorte de que chegassen as vacacións e iso acougou un pouco o tema. Ao principio case non podía saír á rúa, increpábanme", conta Fernando Pastor, o pai que denunciou a presenza de crucifixos no colexio da súa filla.

Este profesor de contabilidade residente en Valladolid gañou nos tribunais a denuncia que interpuxo por este motivo, unha vitoria legal e moral que, con todo, tivo sabor amargo tanto para el como para a súa filla, que tamén sufriu insultos de compañeiros do cole.

Os sensabores para a pequena quedaron atrás, pero o recurso interposto contra a sentenza pola Xunta de Castela e León permite que os crucifixos sigan colgando

das paredes do colexio público Macías Picavea. Pero Fernando non se sente só. "Tamén recibimos apoios, dentro do propio colexio, o que pasa é que se oé más ós que gritan", expresa. Son tamén cada vez máis os que, tras coñecer o seu caso, animáronse a emulalo, malia o temor a que os fillos sufran represalias. "Os xuíces estannos dando a razón, así que o que pretendemos non é tan raro", salienta.

Pastor inaugurou onte na Facultade de Ciencias Políticas, no campus de Santiago, o cuarto ciclo de cine documental e histórico que organizan a asociación Sine Nōmine e Nova Escola Galega, dedicado á educación e a laicidade baixo o título de 'Exercicios laicos'. Onte proxectaron o documental 'Madrid se divorcia', do ano 1933. Pastor re-



Mesa de debate do ciclo de cine, con Fernando Pastor no centro

feriuse na súa intervención á regulación deste binomio noutros países da nosa contorna. "A maioría teñen leis moi claras sobre a imposibilidade de discriminación por motivos ideolóxicos ou relixiosos e hai sobre todo convenios supranacionais que non deixan lugar para as dúbihadas. Aquí debería ser o mesmo, porque o Estado español subscribiu eses convenios, pero outra cousa é que

se cumpran", di. Pastor pon como exemplo da morneza da Administración á hora de velar pola laicidade o seu propio caso, pero tamén a materia de Relixión. "O seu voluntariedade é *sui generis*, porque o suposto dereito duns non tería que levar obrigacións para outros e en realidade leva que ser perdan dúas horas de clase normal á semana", engade. • **REDACCIÓN**